



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 15 DE XANEIRO DE 2026

Visto que na Base 12 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026", aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña o 28 de novembro de 2025 e publicadas no BOP número 231 do 2 de decembro de 2025, prevese a execución dun POS adicional para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026.

Considerando que na base 12.4 se require que sexa o Pleno da Corporación Municipal quen aprobe a solicitude de participación neste plan e que o prazo para presentar a certificación acreditativa da súa aprobación e a restante documentación esixida remata o vindeiro 15 de xaneiro de 2026 ás 15:00 horas.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo do 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 15 de xaneiro de 2026.
- ➔ Hora: 10,00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

ÚNICO. APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCIZO 2026.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca